


Os climas de España



Clima oceánico

É o clima característico da zona norte de España.

O atopamos nas comunidades autónomas de:

- Galicia
- Asturias
- Cantabria
- Euskadi
- Navarra
- Norte de Aragón
- Castela e León

Caracterízase por ter todo o ano:

- Temperaturas suaves.
- Precipitacións abundantes.

Clima de montaña

O clima de montaña aparece nas zonas máis altas das montañas, por riba de 1.200 metros.

- Canto máis subimos, máis frío fai e máis chove.
- No inverno as temperaturas son baixas.
- No verán son frescas.
- Chove todo o ano.
- No inverno hai máis choiva e moitas veces cae neve.

Este clima está en:

- Pireneos
- O Sistema Central
- As Cordilleiras Béticas
- A Cordilleira Cantábrica.

Clima continental

O clima continental aparece en lugares como:

- A submeseta norte.
- A depresión do Ebro.

Ten temperaturas moi extremas porque está lonxe do mar.

No inverno vai moito frío .

No verán vai moita calor.

Chove pouco e de forma irregular.

No inverno, a choiva pode ser neve.

En España, a este clima lle chamamos clima mediterráneo de interior cando se da en:

- Submeseta sur
- Val do Guadalquivir.

Clima mediterraneo

Este clima preséntase en:

- Zonas preto do mar Mediterráneo.
- Costa atlántica andaluza.
- Levante peninsular.
- Illas Baleares.
- Ceuta e Melilla.
- Existe unha variante semidesértica en Almería e Murcia.

Os veráns son cálidos e secos

Os invernos son suaves.

As temperaturas son altas .

As precipitacións son escasas.

Clima subtropical

O clima subtropical é propio das Illas Canarias.

Teñen este clima porque están preto do trópico de Cáncer.

As temperaturas son altas durante todo o ano.

A media é de 21 °C.

Case non hai diferenza entre as estacións.

Chove pouco.

Sobre todo chove no norte das illas.

Lanzarote e Fuerteventura son as máis secas porque están máis preto de África.

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 1: Ftorrespiguera1985 . *Climas de España*. CC-BY-SA 4.0



“Os climas de España”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)